



Colexio Oficial de Xoiaría



A **Federación Galega de Xoiarías, Prateiros e Reloxeiros** (en adiante, **Federación Galega**), con CIF G-15086366 e sede na rúa Laverde Ruiz nº 6, baixo dta. - 15702 Santiago de Compostela, e o **Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia** (en adiante **Coxga**), con CIF: Q-1500321C e sede na rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2ºB - 15701 Santiago de Compostela, convocan a **VIII edición do concurso de escaparates San Valentín**.

O concurso de escaparates de San Valentín é unha iniciativa da Federación Galega e o Coxga para potenciar e dar maior visibilidade nas redes sociais ó sector da xoiaría na época de San Valentín, apoiando especialmente ós establecementos abertos ó público que dispoñen de escaparate. Con esta nova edición do concurso, a Federación Galega e o Coxga animan ós establecementos a facer máis atractivos os seus escaparates de San Valentín axudando con isto a dinamizar o comercio de xoiaría, e, recompensa o seu esforzo con premios non só para os fans dos establecementos senón tamén para o colexiado titular do establecemento gañador.

Esta acción rexeráse polo disposto nas presentes bases:

## Bases:

### 1.- Participantes

O concurso está aberto a todas as persoas maiores de idade.

### 2.- Mecánica do concurso e Premios

#### Para participar debes:

- 1) Entrar na páxina de Facebook do Colexio Oficial de Xoiaría
- 2) Acceder ó álbum de fotos de escaparates de **San Valentín 2019**
- 3) Votar o teu escaparate favorito, premendo "Gústame" ata o martes 12 de febreiro.
- 4) O mércores 13 de febreiro resultará gañador o escaparate que teña máis votos.

En caso de empate, a foto que teña máis comentarios será a gañadora

#### 5) Premios:

#### 1.- Premios para os votantes dos escaparates:

- sortearase entre todos os votantes do escaparate gañador unha cea para dúas persoas o xoves 14 de febreiro na cidade onde está localizada a tenda da foto gañadora.

#### 2.- Premio para o colexiado titular do escaparate gañador:

Unha cea para dúas persoas o xoves 14 de febreiro, na cidade onde está localizada a tenda.

A aceptación dos premios polos gañadores supón a autorización para a Federación Galega e Coxga de utilizar os seus nomes e as súas imaxes con fins publicitarios de resultado do concurso. Ditos datos poderán ser igualmente utilizados con fins publicitarios mediante a publicación dos



Colexio Oficial de Xoiaría



gañadores en diferentes medios de comunicación, en [www.fgxoieiros.es](http://www.fgxoieiros.es) e [www.coxga.es](http://www.coxga.es) e noutros soportes con similares fins. O interesado poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por correo postal á Federación Galega de Xoiarios, na rúa Laverde Ruis nº 6 baixo dta – 15.702 Santiago de Compostela ou ó Coxga, rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2ºB – 15701 Santiago de Compostela (A Coruña) a través dun escrito asinado ó efecto e remitindo unha copia do DNI.

### 3.- Aceptación bases e notas aclaratorias

- Os participantes aceptan expresamente cumprir todas e cada unha das bases deste concurso. O seu incumprimento dará lugar á exclusión do certame.
- A **Federación Galega** e o **Colexio Oficial de Xoiaría** resérvanse a interpretación das presentes bases, prevalecendo o seu criterio en caso de discrepancia.

Asdo. en S. de Compostela, o 30 de xaneiro 2019